

## RICARDO CARVALHO CALERO. LETRAS GALEGAS 2020

### TEMA 3

#### GUERRA CIVIL E POSGUERRA (1936-1950)

##### COMBATENTE REPUBLICANO

Ricardo Carvalho Calero estaba en Madrid o 18 de xullo de 1936, día do golpe de estado que deu lugar á guerra civil española. Calero chamoulle a este período da historia de España «a gran proba», un tempo que obrigou a todos os cidadáns do país a tomar partido por un bando ou outro, moitas veces sen ter claros os motivos, simplemente por zona xeográfica, por tradición familiar ou mesmo por azar.

Aquela «calamidade espantosa», como tamén a definiu Calero, puxo en risco a súa vida durante os seguintes cinco anos, os tres que durou a guerra civil e outros dous máis como preso nun cárcere na provincia de Xaén.

Pero vaiamos máis amodo, xa que este é un período crucial na vida de Carvalho Calero, como o foi para todas e todos aos que lles tocou vivilo...

Nada máis iniciarse a contenda bélica, pasa a formar parte do batallón *Félix Bárzana*, leal ao bando republicano (os defensores da legalidade democrática) e que se nutre dos membros do sindicato FETE-UGT. Durante a súa etapa como funcionario do Concello de Ferrol, Calero afiliárase a esta asociación sindical, aínda que os seus principios estaban máis próximos ao nacionalismo, que naquel intre non desenvolvera aínda un sindicato propio.

O xove militar (lembramos que Calero tiña vinte e cinco anos nesta altura) participa na defensa dos distritos madrileños de Villaverde Alto e Usera, e logo trasladarase a Valencia (onde coincidirá con Castelao, refuxiado na capital levantina, e tamén con Ramón Cabanillas) e Andalucía. Ao tratarse dun soldado con estudos de Dereito, apenas participará nos combates, pero si que deberá tomar parte como avogado ou fiscal en máis dun consello de guerra.

Ademais do nacemento da filla, vanlle chegando algunhas novas familiares aos sucesivos destinos, ás veces mesmo a través de Portugal, unha vía menos controlada para o intercambio de información entre as áreas dominadas por ambos os bandos durante a guerra civil. Así, é coñecedor de que a súa dona segue en Lugo coa familia e de que a situación nesa zona é máis ou menos tranquila dentro do caos que supón nunha guerra de irmáns contra irmáns.

Carvalho Calero non quixo edulcorar ou idealizar no seu recordo a atrocidade da guerra, como fixeron outros que falaron despois daquela etapa tras pasala polo filtro da literatura ou da ideoloxía. Pasados os anos, el sempre recordou aquel tempo como unha ignominia e unha vergonza colectiva que non debería repetirse, ademais dunha volta atrás no progreso acadado durante os anos da república.

Cando remata a guerra civil, en abril de 1939, Carvalho Calero é feito prisioneiro na provincia de Xaén en que combatía contra os sublevados. Debido aos seus antecedentes políticos e pola súa «adhesión á rebelión», o fiscal pide para el a pena de cadea perpetua, que na sentenza quedará finalmente en doce anos e un día. Pero só cumprirá dous anos, pois a ditadura franquista decátase axiña de que non ten recursos para atender tanta poboación reclusa e crea a figura do «liberado condicional», que cumpre a súa condena fóra da prisión pero sometido a todo tipo de controis e restricións.

Os dous anos que bota no convento de Santa Úrsula, reconvertido a presidio, serán un período de fonda de reflexión durante o que Calero decide renunciar a manifestar no futuro a súa ideoloxía para salvagardar a súa integridade e a dos seus. Así, tras a súa posta en liberdade en 1941, cando regresa a Ferrol, abandona toda actividade política, á que xa nunca máis volverá; nin sequera durante o período democrático, cando se lle ofrece expresamente desde varias formacións.

## **RETORNO Á CASA**

Cando regresa a Ferrol, en 1941, descobre que os seus arquivos, e tamén a súa biblioteca, foron obxecto de rapina por parte de grupos falanxistas da cidade. Así, perde para sempre algúns escritos, a correspondencia con amigos e moitos dos libros que fora recompilando ao longo da súa vida. Tamén se lle comunica que se lle retirou a súa praza como funcionario do Concello por ser un elemento hostil ao novo réxime.

Desde ese momento, e durante toda unha década, a vida de Carvalho Calero en Ferrol vai estar moi limitada por diversas condicións: encóntrase en situación de liberdade condicional, polo que debe presentarse ante as autoridades regularmente; é obxecto de continuos seguimentos e a súa correspondencia é intervida; e, sobre todo, non pode exercer a docencia ou a avogacía de maneira oficial.

Por conseguinte, vese obrigado a subsistir de xeito moi precario, como pasante doutros avogados ou dando clase nalgunhas academias privadas da cidade. «Daquela a miña vida estaba hipotecada», confesa nalgunha ocasión Carvalho Calero que, debido ás dificultades en que se ve sumido, deixa de publicar: de 1935 a 1950, ningunha obra súa verá a luz. Logo saberase que

o que nunca deixou de facer foi escribir, pois moitas das súas publicacións posteriores correspóndense con obras escritas nestes anos.

Pero non todo son perdas nesta volta ao fogar: reencóntrase con María Ignacia, a súa muller, e coñece por fin a súa filla Margarita, que xa ten cinco anos. Instálanse no barrio de Esteiro e un ano despois, en 1942, nacerá a súa segunda filla, Victoria. A familia queda así completa e reunida logo de anos de avatares e incertezas.

Xa cara aos últimos anos da década de 1940 Carvalho Calero comeza a ver a luz ao final do longo túnel daqueles «anos da fame». A través de Francisco Fernández del Riego, a quen coñecera nos seus anos de estudante en Santiago, inicia (sempre con pseudónimo) unha colaboración estable co xornal compostelán *La Noche*, un dos primeiros medios de comunicación en volver empregar o galego tras a guerra civil. E tamén empeza a mandar as súas críticas literarias para que se difundan a través das emisións que a canle británica BBC realiza en galego para todo o mundo.

Calero mantén contacto, de xeito máis ou menos intermitente (o que permitían as circunstancias políticas) cos representantes do galeguismo que constitúen o denominado *exilio interior*, é dicir, aqueles que non foran asasinados nin tiveran que exiliarse. Deste xeito, a actividade galeguista comeza a reactivarse paseniño, en gran medida arredor do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos, sucesor do Seminario de Estudos Galegos, aínda que cunha filosofía de traballo moi distinta, xa que o instituto está controlado polo réxime franquista e a marxe para realizar o traballo libremente é moi escasa.

Pero a semente comeza a agromar e a seguinte década, a de 1950, traerá consigo un novo rexurdir no percorrido vital de Carvalho Calero.